

TUTORIAL PARA O USO DO REPOSITORIO DE MOREA

Autor: Alfonso Fernández Matías

1



O REPOSITORIO

A continuación imos explicar como utilizar o Repositorio de Morea. Este repositorio usa un software libre chamado Door que nos vai permitir dúas cousas: localizar obxectos almacenados no mesmo e tamén catalogalos.


Existen tres tipos de perfís, imos explicar brevemente en que consisten e que podemos facer nós:

- Administrador: encárgase de xestionar o repositorio.
- Autor: pode engadir obxectos de aprendizaxe, importar, e por suposto acceder aos obxectos do repositorio.
- Usuario: pode acceder aos obxectos de aprendizaxe.


Todos os integrantes do proxecto temos un rol de autor, o que nos indica que somos un elemento participativo do repositorio. MOREA non é só un espazo útil do que sacar obxectos. Na definición do noso rol entra contribuír engadindo obxectos, ou ben importando, que é diferente a engadir, como veremos ao seu tempo.

Para acceder ao repositorio iremos á dirección: <http://morea.usc.es>.

Sairá a seguinte páxina:



Temos que premer no recadro onde pon “autenticación local”, tralo que aparecerá isto no seu lugar:




The login form consists of two input fields: "Nome de usuario" and "Contrasinal". Below the fields is a button labeled "Entrar".

Xa podemos introducir o nome de usuario e a nosa contrasinal. Logo prememos en “entrar” e xa estaremos dentro do repositorio. Pero antes de entrar de cheo sería interesante diferenciar como se organiza MOREA.

Podemos diferenciar tres espazos:

- Menú horizontal: atópase na parte superior. Este menú é permanente, polo que sempre estará visible.
- Menú vertical: localizado na esquerda. Depende das opcións que escollamos no menú horizontal
- Parte central: é o espazo máis grande. Por un lado indícanos o que podemos facer co menú da esquerda, e polo outro amósanos os resultados do que facemos con dito menú.

Nestas imaxes sinalamos ámbolos tres:



Agora que xa coñecemos esta organización imos descubrir as posibilidades do repositorio seguindo o menú horizontal.



INICIO

Cando entremos no repositorio de MOREA apareceranos sempre esta páxina. A medida que vaiamos avanzando comprobaremos como este menú horizontal é o único que permanece sempre igual.

Na parte central vemos como nos amosa información sobre o que podemos facer co menú vertical. Vexamos cales son as opcións de dito menú en inicio:

Engadir novo obxecto
Importar un obxecto
Actualizar perfil

Engadir novo obxecto

Dende aquí poderemos subir os novos obxectos de aprendizaxe. Agora a parte central do repositorio cambiou en función do que seleccionamos no menú vertical. Temos aí unha serie de campos que son os que van servir para catalogar o obxecto a subir. Nalgúns teremos que meter nós os valores.

Engadir obxecto

Título

Autor

Descrición

B *I* U ABC | | -- Format -- | -- Font family --

-- Font size -- | | |

| | | |

Palabras clave

Valores delimitados por comas.

Mentres que no resto seleccionaremos os que propón MOREA.

Referencia do catálogo	ROOT	
Nivel Educativo	<input type="text"/>	Seleccionar
Idiomas	<input type="text"/>	Seleccionar
Tipo de recursos	<input type="text"/>	Seleccionar
Usuarios	<input type="text"/>	Seleccionar
Nivel de agregación	<input type="text"/>	Seleccionar
Áreas de coñecemento universitarias	<input type="text"/>	Seleccionar
Áreas de coñecemento non universitarias	<input type="text"/>	Seleccionar
Tipo de interactividade	<input type="text"/>	Seleccionar
Nivel de interactividade	<input type="text"/>	Seleccionar
Rango de idade	Mínima: <input type="text"/>	Máxima: <input type="text"/>
Tempo necesario	Horas: <input type="text"/>	Minutos: <input type="text"/>
Adxunto	<input checked="" type="radio"/> Sen adxuntos <input type="radio"/> Arquivo local <input type="radio"/> Url	
	<input type="button" value="Engadir obxecto"/>	<input type="button" value="Resetear"/>
* Campos requiridos		

Imos analizar un pouco cada un dos seguintes campos, empezando por aqueles nos que temos que inserir nós os valores:

- **Título:** é campo libre, como dixemos, poñeremos o título que ten o obxecto.
- **Autor:** campo libre. Haberá que indicar o nome do autor do recurso, non o nome de quen subiu o obxecto.
- **Descrición:** campo libre. Poderemos agregar un texto libre que describa o obxecto. Aparecen ademais unhas ferramentas de formato para editar dita descrición, similares ás que atopamos nos editores de texto (Word, OpenOffice Write, wikis...)
- **Palabras clave:** é o ultimo campo de texto libre. Se prememos en “seleccionar” aparecerán na ventá emerxente as utilizadas no repositorio ata o de agora. Se nunca se introduciu ningunha, entón non aparecerá ningunha.
- **Referencia do catálogo:** esta opción está pendente de ser definida. Ten relación coa opción de explorar, no menú horizontal.

- **Nivel educativo:** a partir de agora en todos os campos deberemos seleccionar os valores que nos ofrece o repositorio. Premendo en “seleccionar” abrirase a ventá emerxente coas opcións dispoñibles. A opción en dita ventá de “seleccionar todo” serve para seleccionar todas as etiquetas dispoñibles, e se o facemos en “limpar todo” estaremos executando o contrario. Se xa escollemos o que nos interesa darémoslle a “salvar”.

Nivel Educativo

Educación Superior

Outros

Escola

Formación

- **Idiomas:** agora seguimos sempre o mesmo proceso, primeiro en “seleccionar” e aí escollemos as etiquetas que queiramos. Se precisamos outros idiomas que non estean contemplados na ventá emerxente, estaremos ante un motivo para agregar unha nova palabra clave (por exemplo, “sueco”, idioma que non aparece definido no repositorio).

Idiomas

Alemán

Inglés

Castelán

Francés

Galego

- **Tipo de recurso:** atoparemos unha lista de recursos que serven para definir o tipo de obxecto que estamos a subir. Recordemos que podemos seleccionar varias opcións e non é obrigatorio escoller só unha.

Tipos de recurso

- Diagrama
- Exame
- Exercicio
- Experimento
- Figura
- Gráfico
- Índice
- Conferencia
- Texto narrativo
- Formulación dun problema
- Cuestionario
- Autoavaliación
- Simulación
- Diapositiva
- Táboa

- **Usuarios:** a quen está destinado o recurso.

Usuarios


- Autor
- Estudiante
- Administrador
- Docente

- **Nivel de agregación:** isto é un concepto que necesita unha explicación.

Nivel de agregación

- Nivel 1 - imaxe, audio...
- Nivel 2 - lección, presentación,...
- Nivel 3 - unidade didáctica, tutorial...
- Nivel 4 - programación anual, cursos...

Canto máis indivisible é un obxecto (imaxe, audio...) menos nivel de agregación ten. Un obxecto formado por moitos elementos coa consecución dun certificado tería moito nivel de agregación, ao estar composto polos niveis anteriores. Temos dous niveis intermedios. O nivel 2 sería unha colección de obxectos de nivel 1 (lección, presentación...), mentres que un obxecto de nivel 3 sería unha colección de nivel 2. É visible que conforme aumenta o nivel de agregación, os niveis máis amplos inclúen os anteriores. A seguinte figura explica este concepto:



- **Áreas de coñecemento universitarias:** entran aquí as áreas de coñecemento universitario.

Áreas Universitarias

Experimentais
 Humanidades
 Saúde
 Sociais
 Técnicas

- **Áreas de coñecemento non universitarias:** entrarían aquí as áreas de primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional. Podemos apreciar que é unha ampla lista, polo que é importante considerar que está por orden alfabético, para facilitar a busca.

Áreas Non Universitarias

Administración
 Alemán
 Artes Gráficas
 Bioloxía
 Ciencias Da Natureza
 Ciencias Sociais
 Comercio E Marketing
 Comunicación Audiovisual


- **Tipo de interactividade:** aparecen definidos tres tipos de interactividade.



Tipos de Interactividade	
<input type="button" value="Seleccionar todo"/>	<input type="button" value="Limpar todo"/>
<input type="checkbox"/>	Activa
<input type="checkbox"/>	Expositiva
<input type="checkbox"/>	Mixta
<input type="button" value="Salvar"/>	

Se o tipo de interactividade é activa, é que o obxecto impulsa ao estudante cara unha acción produtiva (simulación, cuestionario... onde contribúe semanticamente). Unha interactividade expositiva ocorre cando a tarefa do discente consiste en absorber o contido exposto (vídeo, gráfico, hipertexto... non hai contribución por parte do discente). Por último, se a interactividade é mixta, significa que mestura ambos tipos (por exemplo, un documento hipermedia que incorpora unha simulación).

- **Nivel de interactividade:** estase a referir ao grao de interactividade do discente co obxecto.




Niveis de Interactividade	
<input type="button" value="Seleccionar todo"/>	<input type="button" value="Limpar todo"/>
<input type="checkbox"/>	Alto
<input type="checkbox"/>	Baixo
<input type="checkbox"/>	Medio
<input type="checkbox"/>	Moi Alto
<input type="checkbox"/>	Moi Baixo
<input type="button" value="Salvar"/>	

- **Rango de idade:** neste campo seleccionaremos a que idade vai enfocado o obxecto. Temos dous campos. A idade mínima é a menor idade do discente ao que vai indicado o obxecto. A máxima, evidentemente, é a maior idade indicada. Se prememos en calquera das dúas pestañas vemos que teñen valores idénticos. As idades que aparecen non son aleatorias, se estamos atentos veremos que corresponden coas idades dos diferentes ciclos educativos. Deste xeito, poderemos marcar unha idade mínima de 3 anos e unha máxima de 6 se consideramos que o obxecto é apropiado para o segundo ciclo de educación infantil. Así definimos dito intervalo, e poderíamos definir, como máximo de 0 a 25. A idade máxima de 25 non é significativa. O repositorio entende que non é imprescindible especificar o intervalo de idade máis aló, pois considera de 25 ata infinito. Non está limitando en

ningún momento o valor máximo de idade para estudar. Se consideramos, sendo moi concretos, que se trata dun recurso para maiores de 25, poñeremos só como valor máximo 25, deixando o valor mínimo sen cubrir.

Rango de idade Mínima: Máxima:



- **Tempo necesario:** podemos poñer o tempo que consideramos que leva executar o obxecto de aprendizaxe.

Tempo necesario Horas: Minutos:

- **Adxunto:** no caso de que sexa un arquivo localizado no noso ordenador, premeremos en “arquivo local” e logo en “examinar”, para buscalo (hai un límite de tamaño do obxecto de 10 megas). Se queremos linkar unha dirección web premeremos en “url” e escribimos dita dirección.

Arquivo local Url

Máximo 10Mb

Arquivo local Url


Url completa co protocolo

Finalmente, o último paso é premer, se estamos satisfeitos, en “engadir obxecto”, para iso debemos asegurarnos de que cubrimos os campos que describen o obxecto (como mínimo é obrigatorio cubrir os que teñen asterisco). Se pola contra queremos borrar todo o que fixemos premeremos en resetear, e todos os campos quedarán vacíos.

* Campos requiridos

Importar un obxecto

Unha das opcións do repositorio de MOREA é a posibilidade de importar obxectos de aprendizaxe empacitados en formato IMS (un dos formatos estándar empregados en repositorios). Mediante estes tipos de paquetes podemos coller obxectos doutros repositorio e engadilos ao noso. Para iso o repositorio de fora terá que seguir o estándar LOM.



Para importalo premeremos en “examinar” e buscaremos no noso ordenador o arquivo IMS para subir. Ademais teremos que seleccionar onde o queremos gardar no catálogo. Esa opción xa dixemos que está sen definir, polo que de momento deixariamos ese campo así. A continuación premeremos en “importar obxecto”.

Actualizar perfil

Aquí poderemos configurar o noso perfil do repositorio. É necesario facer cambios na primeira sesión para ter os datos actualizados e da nosa man xa que os datos cos que entramos por primeira vez foron creados cunha configuración temporal.

Teremos que cambiar os campos que nos aparecen:

- **Usuario:** nome polo cal nos recoñecerá o sistema.
- **Contrasinal:** elixiremos unha doada de recordar e que non sexa moi evidente para evitar que poidan entrar na nosa conta.
- **Confirmar contrasinal:** por si errou ao escribir a contrasinal aparece esta opción de confirmación.
- **Nome:** o nome do usuario, que será visible cando engada obxectos.
- **Apellido:** apelido do usuario.
- **Instituto:** centro educativo onde traballa.
- **Correo electrónico:** correo persoal.
- **Idioma preferido:** dispoñible galego, español e inglés.

Actualizar perfil

Usuario:

Contrasinal:

Confirmar contrasinal:

Nome:

Apellido:

Instituto:

Correo electrónico:

Idioma preferido:


Despois premeremos en “actualizar perfil”, ou pola contra, se non desexamos facer os cambios, en “descartar cambios”.



BUSCAR

Segundo polo menú horizontal aparécenos a opción buscar. Isto vainos servir para localizar os obxectos de aprendizaxe do noso repositorio en función de como o catalogamos, de aí a importancia de catalogar ben un obxecto.

Podemos ver como aparecen os mesmos campos que antes. Podemos elixir se queremos buscar por un valor ou por todos, iso é elección nosa. Por iso teremos que premer en “escolle” naqueles que queiramos e “salvar”.



Ao acabar de seleccionar a nosa configuración de busca xa podemos darlle a buscar e automaticamente aparecerán os resultados. O repositorio buscará todos os campos que marcamos. No caso de que un obxecto careza dun deses valores, aínda que teña o resto deles, xa non se amosará. Só se amosarán os que cumpran estritamente a nosa busca.

O campo de texto libre, que é o primeiro, é o único onde non temos que seleccionar valores predefinidos. A través deste campo podemos buscar segundo as palabras que nós desexemos, pero só buscará naqueles nos que na catalogación era campo libre. É dicir, cando engadíamos un obxecto de aprendizaxe, certos campos eran de texto libre (título, autor, descrición), polo que cando buscamos por texto libre só busca neses campos.


Engadir obxecto

Título

Autor

Descrición

B *I* U ABC | [Listas] [Format] [Font family] [Font size] [Color] [Background color] [Link] [Unlink] [Image] [Table] [X] [X'] [Ω]



Texto libre

Ao facer a nosa busca aparecerán na parte central do repositorio os resultados. Amosará o título do obxecto, descrición, e última actualización. Podemos ordenar a busca seguindo estes criterios.

Título do obxecto	Descrición	Última actualización
Objeto	Primero	Descripcion de ejemplo
		05.06.2008

Se prememos en “título do obxecto” a orde cambiará a ser contraria ao alfabeto, xa que por defecto, se nos amosará alfabeticamente. Se o facemos en “descrición” sucederá o mesmo pero en relación co texto de descrición. E se o facemos con “última actualización” a ordenación será por dita data.

Para ir a un obxecto da busca en concreto premeremos no título, e xa sairá a ficha do mesmo.

Se subimos nós o obxecto, poderemos cambiar a información do mesmo por medio de “editar”. Se queremos eliminalo do repositorio seleccionaremos “borrar”.

Adxunto [Baixar](#)
[Baixar IMS](#)

[EDITAR](#) | [BORRAR](#)

Se pola contra o subiu outro usuario non poderemos modificalo. Só poderemos utilizalo. O último campo da ficha é “adxunto”. Se prememos en “baixar” iremos á dirección indicada por quen o subiu ou ben baixaremos o arquivo correspondente. Se lle damos a baixar “IMS” estaremos baixando o paquete IMS, válido para exportar o obxecto de aprendizaxe a outro repositorio sempre que sexa compatible.

Adxunto

Baixar

Baixar IMS



EXPLORAR

Esta función está pendente de ser definida.



SAÍR

Por último, premendo en saír atoparémonos fóra do repositorio.

Attribution-NonCommercial-NoDerivs 3.0 Unported

You are free:

- Ⓒ to Share - to copy, distribute and transmit the work

Under the following conditions:

- Ⓘ Attribution. You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- Ⓓ Noncommercial. You may not use this work for commercial purposes.
- Ⓔ No Derivative Works. You may not alter, transform, or build upon this work.
- For any reuse or distribution, you must make clear to others the license terms of this work. The best way to do this is with a link to this web page.
- Any of the above conditions can be waived if you get permission from the copyright holder.
- Nothing in this license impairs or restricts the author's moral rights.